

ORDENANZA FISCAL Nº 33 REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACION DE LOCAIS MUNICIPAIS EN HORARIO NOCTURNO.

Artigo 1.- CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 20.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, este Concello establece a taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial por parte de persoas físicas ou xurídicas de locais e instalacións municipais para pasa-la noite.

Os locais a utilizar serán as instalacións deportivas municipais e aquelas outras instalacións de titularidade do Concello susceptibles de ser destinadas ao uso referido. A presente ordenanza non será de aplicación ao Albergue municipal.

So se poderá solicitar ata un máximo de dúas noites por persoa ou grupo de persoas. O horario permitido de estancia será dende as vinte horas do día autorizado até as nove horas do día seguinte.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible a utilización das instalacións municipais incluídas no artigo 1 para pasa-la noite.

Artigo 3.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da LXT que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunden as prestacións a que se refire a presente ordenanza.

Artigo 4.- RESPONSABLES

Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 e 43 da LXT.

Artigo 5.- BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA

1.- A cota tributaria será a resultante de aplica-las seguintes tarifas:

A) Por utilización dos locais municipais mencionados para pernoctar: 3 Euros por persoa e noite

Artigo 6.- NORMAS DE XESTIÓN

O aboamento da taxa realizarase no momento da entrada no local a que se refire a presente ordenanza, a partir das vinte horas, a cuxo efecto será entregado o ticket correspondente polos medios que poña a disposición o Concello.

A alcaldía determinará as temporadas anuais nas que se poderá facer uso das instalacións citadas para a finalidade descrita no artigo 2. En todo caso, o

Concello se reserva o uso das instalación para aquelas actividades que realice directamente ou en colaboración con outras entidades.

Os solicitantes a título individual formalizarán a súa petición ante o Concello, nos termos sinalados no parágrafo primeiro deste artigo.

As solicitudes para a utilización das instalacións por asociacións ou grupos de persoas se formalizarán ante o Concello de Mondoñedo cunha antelación mínima de quince días naturais á data de inicio da ocupación. Non obstante, e cando as dispoñibilidades das instalación o permitan, a autorización do uso destas poderá ser outorgada ás entidades que presentaran a solicitude cunha antelación mínima de ata tres días naturais á data do inicio da ocupación.

Transcorridos os prazos establecidos na presente ordenanza, se entenderán desestimadas aquelas solicitudes sobre as que non houbera recaído resolución expresa.

Artigo 7.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

Para o tocante as infraccións e sancións rexerá o disposto nos artigos 181 e seguintes da LXT.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza modificada foi aprobada polo Pleno da Corporación o día 26 de setembro do 2013 e entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, nº 280, 7 de decembro do 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación posterior.